

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONSIOLA	<i>Expediente</i> CON/2/2008	<i>Fecha</i> 25-06-08 09:31

Asunto
Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de CONXO -
Prego cláusulas Administrati

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA XESTIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTÍL MUNICIPAL DE CONXO

I

DISPOSICIÓN XERAIS

1.- OBXECTO DO CONTRATO (arts. 22, 74 e 100 LCSP, 67 RG)

O Concello de Santiago de Compostela é titular dun inmovible situado na Praza de Aurelio Aguirre 1 de Conxo, destinado á prestación do Servizo Público de Escola Infantil, con número de identificación na Xunta de Galicia F-00548-002. O inmovible xunto co Centro Sociocultural "Aurelio Aguirre", forma un conxunto arquitectónico único, polo que a súa forma e estratexias compositivas son continuidade dos xa definidos no Centro Social.

O obxecto deste prego é a xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Conxo que se prestará no citado inmovible e que comprende a atención total de nenos e nenas escolarizados nela, tanto nos aspectos educativos que entran dentro das competencias do que a Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) define como primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da Escola, e a xestión e administración do centro baixo coa coordinación do Departamento de Educación e Mocidade, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescripcóns técnicas.

Atenderá progresivamente o desenvolvemento afectivo, o movemento e os hábitos de control corporal, as manifestacións da comunicación e da linguaxe, as pautas elementais de convivencia e relación social, así como o descubrimento das características físicas e sociais do medio no que viven, facilitando que nenos e nenas elaboren una imaxe positiva e equilibrada de si mesmos e que adquiren autonomía persoal.

O/a concesionario/a cumprirá cantos acordos, convenios, etc, asine o Concello de Santiago de Compostela en calquera aspecto que teña que ver co modelo de escola infantil, sempre que non supoña un custe adicional para o/a adxudicatario.

Os cambios na normativa vixente serán de obrigado cumprimento para a empresa adxudicataria, aínda que supoñan un custo adicional sempre e cando non alteren o equilibrio económico financeiro da concesión.

O servizo da Escola Infantil adaptarase ao establecido polo Regulamento da escola infantil municipal de Conxo, aprobado polo Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria do 29 de abril de 2004, e publicado integro no BOP número 184 o día 11 de agosto de 2004.

O concesionario prestará diariamente o servizo de comedor e colaborará cos programas que desenvolva e nos que participe o Concello, referidos ao obxecto do contrato e aos usuarios/as do centro.

O Centro ten unha capacidade máxima de 61 alumnos en presenza simultánea.

Os usuarios/as do centro deberán estar empadroados en Santiago de Compostela.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

O centro prestará servizo, como mínimo, cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, en horario de 7.30 a 20.30 horas.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que teñen carácter contractual.

O devandito obxecto corresponde ao código 80.10.11 da nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades 2002 (CNPA-2002), así como ao código 80110000-8 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN (arts. 40.1 e 291 LCSP, 4 RG)

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

3.1.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de xestión de servizos públicos de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 8 e 19 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), na súa modalidade de Concesión, ó amparo do disposto no artigo 253.a) da LCSP, quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as dítadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

3.2.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

3.3.- O Concello, con independencia das obrigas consignadas neste prego, conservará a titularidade dos servizos dos que a súa xestión é obxecto de concesión.

A estes efectos, tódolos logotipos e material impreso ou de outra natureza, que se utilicen no servizo obxecto de concesión levarán, ademais da identificación do concesionario, referencia á titularidade do Concello de Santiago de Compostela, en forma satisfactoria para éste sempre que teñan por destinatario o público en xeral ou os usuarios. Igualmente o farán

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

as instalacións utilizadas para a prestación dos servizos, adoptándose en tódolos casos o logotipo oficial do Departamento de Educación do Concello de Santiago.

3.4.- Os bens e equipos utilizados polo concesionario para a prestación dos servizos haberán de atoparse en perfecto estado de conservación e funcionamento durante todo o período de vixencia da concesión e ao seu vencemento. A tal efecto, o Concello a través do departamento de Educación, vixiará a conservación das edificacións e do material.

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR (art 43, 45, 46,47, 53 e 61.3 LCSP e arts. 9 e 10 RG)

4.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 49 do LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 62 do LCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidad a que se refire o artigo 44 LCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

4.2.- Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co disposto na cláusula 11.5 do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 206.g) da LCSP. (art. 53 LCSP)

Para estes efectos os licitadores deberán aportar a seguinte documentación:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

- Medios persoais:

A) Relación de méritos do máximo responsable e encargado da execución do contrato, que poña de manifesto a súa idoneidade pola súa experiencia na realización de traballos con idénticas características ás do contrato, na que se indicará a súa titulación académica e profesional.

B) número de traballadores, especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais: relación de material, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ó contrato, axeitada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Documentación que xustifique a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil do empresario, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). Non obstante requirirá autorización previa da administración.

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da mesa de contratación, terá carácter excluínte.

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 73.1 da LCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

4.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 45.1 LCSP)

4.4.- Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Letrado do Servizo Xurídico Municipal ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES (art 54, disp. transit. 5ª LCSP)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

Non procede a esixencia de clasificación no presente contrato.

6. ORZAMENTO DE LICITACIÓN (arts. 76 e 278 LCSP)

6.1.- Os gastos da escola financiaranse do seguinte xeito:

- a) O Concello aboará ó concesionario un canon máximo anual de 209.938'77 euros, importe sobre o que os licitadores ofertarán a baixa que estimen oportuna, e que se satisfará por mensualidades vencidas.
- b) Tarifas a cobrar aos alumnos/as, que deberán ser propostas polos licitadores e que non poderán superar os establecidos pola Comunidade Autónoma para as escolas infantís 0-3 anos dependentes dos Concellos, na normativa vixente en cada momento.
- c) O concesionario poderá establecer outras tarifas distintas ás previstas pola Comunidade Autónoma cando se traten de servizos que se presten na escola e que sexan considerados como complementarios, debendo presentar a correspondente proposta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

As tarifas entrarán en vigor o día 1 de setembro de cada ano.

7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO (art. 26.1.k LCSP e 67.2.d RG)

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven da contratación, con cargo á partida orzamentaria 42200 22703.

8. REVISIÓN DE PREZOS (arts 77 e ss. LCSP).

O canon anual revisarase de acordo co índice de prezos ao consumo no período correspondente sen que, non obstante, a revisión poida superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado. (art. 78.3. LCSP)

A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, cando o contrato fora executado polo menos no 20 por cento do seu importe e transcorre un ano desde a súa adxudicación, data que se tomará como referencia a fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos, tendo en conta o establecido no artigo 79.3 da LCSP.

O importe das revisións que procedan farase efectivo de oficio (art.82 LCSP), mediante o abono ou desconto correspondente nos pagos parciais ou, excepcionalmente, na liquidación do contrato, cando non poidan incluírse en devanditos pagos parciais.

9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN (arts. 23, 197 e 279 LCSP)

9.1.- A duración da concesión será de **4 anos**, a contar desde o día que se estipule no contrato, salvo que a súa tramitación se declarase de urxencia, en cuxo caso a súa execución comezará desde a data en que, unha vez adxudicado o contrato, se constituía a garantía definitiva correspondente. (art. 96.2.c LCSP)

O adxudicatario da concesión deberá facerse cargo dos servizos concesionados desde o momento mesmo en que se produza a adxudicación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

O contrato poderá ser prorrogado por acordo expreso do órgano de contratación por un prazo máximo de outros 4 anos, sendo tal prórroga obrigatoria para o concesionario, ao amparo do disposto no art. 23.2 LCSP.

9.2.- No caso de que o contrato se prorrogue, manteranse inalterados os prezos unitarios iniciais, sen prexuízo das posibles revisións de prezos que procedan, de conformidade co establecido na cláusula 8 do presente prego.

9.3.- O Concello poderá requirir ó adxudicatario que continúe co obxecto do contrato unha vez finalizado o período máximo de prórroga ós efectos de levar a cabo os trámites tendentes a unha nova adxudicación, cun límite máximo de 6 meses e ós mesmos prezos vixentes ata o momento.

II

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN (arts. 93.4, 134, 141 e 144 LCSP)

10.1.- A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 LCSP), ascende a 1.679.510'16 euros.

10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan na cláusula seguinte, por ser os adecuados para avaliar o interese das características dos servizos a realizar.

10.3.- Criterios de adxudicación.

Son criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato os seguintes, por orde decreciente de importancia con arranxo á seguinte ponderación:

1. Mellor proxecto educativo e de xestión presentado: De 0 a 30 puntos
2. Rebaixa do importe da achega municipal: De 0 a 10 puntos.
3. Subrogación do persoal da anterior contrata (anexo III): 10 puntos.
4. Mellor estrutura tarifaria: De 0 a 5 puntos.
5. Melloras e outros servizos: De 0 a 5 puntos.

10.4.- Procedemento de avaliación das proposicións.

A valoración das ofertas realizarase de acordo co seguinte procedemento:

10.4.1.- A avaliación das ofertas respecto dos criterios números 1, 3, 4 e 5, que non son avaliábeis en cifras ou porcentaxes, e que teñen unha ponderación superior aos criterios avaliábeis en cifras ou porcentaxes, realizarase en primeiro lugar por un comité de expertos constituído nos termos do artigo 134.2 da LCSP.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

O resultado de dita valoración deberá ser argumentado e xustificado no correspondente informe de valoración que se incorporará ao expediente.

10.4.2.- Nun acto posterior, de acordo co disposto na cláusula 16.2, a Mesa de contratación realizará a valoración das ofertas respecto do criterio número 2, outorgando 10 puntos á mellor oferta económica e valorando as demais conforme a criterios de proporcionalidade.

11.- GARANTÍA PROVISIONAL

De acordo co establecido no artigo 91.1 da LCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisional.

12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN (art. 129.1 LCSP e art.80 RG)

12.1.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **15 días naturais** a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

12.2.- A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

12.3.- Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas da Sección municipal de Contratación.

12.4.- A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

12.5.- A presentación da proposición deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose en caso contrario todas as presentadas polo licitador.

13.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓN (arts. 61, 129 e 130 LCSP e art. 80 RG)

13.1.- As proposicións constarán de 3 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente **Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de CONXO CON/2/2008** e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

13.2.- SOBRE Nº 1 Subtitulado: Documentación Xeral **Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de CONXO CON/2/2008**

O seu contido será o seguinte:

13.2.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

13.2.1.1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exigible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 44 LCSP)

13.2.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastanteado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamiento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

13.2.1.3.- Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

13.2.2.- Certificado da clasificación de ser requirida segundo o disposto na cláusula 5 do presente prego, expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou no seu caso, polo Organismo comunitario correspondente (art. 73 LCSP). Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá aportarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo non obstante xustificar posteriormente obter a clasificación esixida no prazo de subsanación de defectos ou omisións na documentación a que se refire a cláusula 15 do presente prego.

O certificado de clasificación deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manfeste que os datos de clasificación non tiveron variación. (art. 130.3 LCSP)

Non obstante o establecido no apartado anterior, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, será suficiente que acrediten, no seu caso, ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos requisitos establecidos na cláusula 4.2. do presente prego.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar que todas as empresas que integran a unión obtiveron clasificación como empresa contratista de servizo. En tal caso, acumularanse as clasificacións individuais dos membros da UTE., a efectos de poder acreditar a clasificación global esixida no presente prego.

Se concorren unións de empresarios nacionais, estranxeiros non comunitarios ou estranxeiros comunitarios, os dous primeiros deberán acreditar a súa clasificación e os últimos, en defecto desta, a súa solvencia económica, financeira e técnica.

De non requirirse clasificación, os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego

As empresas que líciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

13.2.3.- Testemuño xudicial, certificación administrativa ou **declaración responsable** do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 49 da LCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 62 e 130.1.c) LCSP) así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela. (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

13.2.4.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

13.2.5.- A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Certificado de clasificación (de ser exigible), a condición de que no certificado do Rexistro de Contratistas conste a clasificación referida ao obxecto do contrato, ou, no seu caso, documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable, formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifeste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 130.3 LCSP)

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

13.3.- SOBRE Nº 2 Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación números 1, 3, 4 e 5 NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación da **Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de CONXO CON/2/2008**.

Os licitadores incluírán neste sobre a documentación relacionada cos criterios de adxudicación numerados no parágrafo anterior, contendo todos os elementos que a integran, incluídos os aspectos técnicos da mesma.

En relación cos devanditos criterios de adxudicación, o licitador deberá aportar a documentación que, ó respecto, fixa o prego de prescricións técnicas.

13.4 SOBRE Nº 3 subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de CONXO CON/2/2008**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

Os licitadores incluirán neste sobre a documentación relacionada co criterio de adxudicación número 6, avaliábel mediante cifras ou porcentaxes, contendo todos os elementos que a integran, incluídos os aspectos técnicos da mesma.

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada.

13.5.- Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refíren os dous últimos apartados, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas. (art. 129.3 LCSP)

Os licitadores deberán incluír na súa proposición unha relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do contrato.

14.- MESA DE CONTRATACIÓN (art. 295 LCSP e art. 79 RG)

A Mesa de contratación estará integrada por:

Un Presidente, que será o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Un representante de cada grupo político municipal.

O Concelleiro delegado de Facenda.

A Xefa do servizo de contratación e servizos comunitarios.

O Director da Asesoría Xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.

A interventora municipal de fondos, ou persoa que a substitúa.

Actuará como Secretario o Xefe de Sección de Contratación.

15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL (arts. 71 LCSP e 22, 81 e 82 RG)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

16.-APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

16.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do sobre nº 1 e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, realizará, a apertura do SOBRE Nº 2 dos licitadores admitidos, contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes. A mesa acordará a remisión da documentación ó comité de expertos (que se designará pola propia mesa), que emitirán informe técnico debidamente motivado sobre estes criterios.

16.2.- Recibido o informe do comité de expertos, se fixará a data e lugar en que se levará a cabo a apertura en acto público do sobre nº 3 contendo a oferta económica, convocando ós licitadores cunha antelación mínima de tres días, a través dun anuncio no tablón de edictos do Concello ou no perfil do contratante do órgano de contratación.

16.2.1.- Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta ós asistentes do número de proposicións recibidas e do nome dos licitadores, comunicando o resultado da cualificación dos documentación xeral e técnica presentada, únicamente no que se refire á expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

16.2.2.- A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do SOBRE Nº 3 dos licitadores admitidos, dando lectura á oferta económica.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

Concluída a apertura das proposicións, o Presidente da Mesa invitará de novo ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.

16.3.- A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adjudicación razoada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún mentres o órgano de contratación non dite a resolución de adjudicación provisional. (art. 144.2 LCSP)

17.- ADJUDICACIÓN PROVISIONAL (arts. 135, 139, 145 LCSP)

17.1.- Á vista da proposta da Mesa de contratación, o órgano de contratación ditará a adjudicación provisional do contrato no prazo máximo de dous meses, a contar desde a apertura das proposicións. Transcorrido o indicado prazo sen dictarse acordo sobre a adjudicación provisional, os licitadores poderán retirar as súas ofertas e as garantías constituídas. (art. 145.4 LCSP)

17.2.- A adjudicación provisional que realice o órgano de contratación deberá acomodarse á proposta da Mesa de contratación, salvo que expresamente xustifíquense os motivos para apartarse de tal proposta, ou que esta se efectuou con infracción do ordenamento xurídico, nese caso a convocatoria quedará sen efecto.

17.3.- A adjudicación provisional deberá ditarse en todo caso, sempre que algunha das proposicións presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación. Non obstante, nos termos previstos no artigo 139 da LCSP, a Administración, antes de ditar a adjudicación provisional, poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsanables, debendo de indemnizar aos licitadores, en ambos casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles houberse efectivamente ocasionado.

17.4.- A adjudicación provisional notificarase aos licitadores, e publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación. (art. 135.3 LCSP)

18. CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA (arts. 83, 84, 87 LCSP)

18.1.- O adjudicatario provisional deberá acreditar, no prazo de 15 días hábiles desde que se publique a adjudicación provisional no perfil do contratante do órgano de contratación, a constitución da garantía definitiva por importe do 6.010,12 euros.

Non será precisa a constitución da garantía apuntada nos parágrafos anteriores cando o adjudicatario constituise no mesmo prazo, ou con anterioridade ao mesmo, garantía global por importe suficiente ante a Administración contratante, nos termos previstos no artigo 86 do LCSP, e tal garantía estivese vixente e efectiva.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

18.2.- A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, ou por retención de parte do prezo, en a forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse a súa importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

18.3.- Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de quince días, contados desde a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 87 da LCSP.

A estes efectos, non se considerarán variacións de prezo aquelas que se produzan como consecuencia dunha revisión do mesmo.

18.4.- No prazo de quince días, contado desde a data en que se fagan efectivas, no seu caso, as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repor ou ampliar a garantía constituída na contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

19.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO ADXUDICATARIO PROVISIONAL (arts. 53 e 135.4 LCSP e arts. 13 a 16 RG)

19.1.- O adxudicatario provisional deberá acreditar, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional nun diario oficial ou no perfil do contratante da páxina Web do órgano de contratación, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

19.1.1.- A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autónoma Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditalo mediante declaración responsable.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

A acreditación de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela realizarase presentando certificación, expedida polo propio ente municipal, xustificativa de tal circunstancia.

19.1.2.- A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

19.2.- As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP.

19.3.- Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de acharse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se achan ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

19.4.- O adxudicatario provisional deberá aportar, así mesmo, os documentos que acrediten a efectiva disposición dos medios que se comprometeu adscribir á execución do contrato, de acordo co previsto nas cláusulas 4.2 e 13.3.5 do presente prego.

20.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA (art.135.4 LCSP)

20.1.- Dentro dos 10 días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de 15 días hábiles para a presentación da documentación do adxudicatario provisional, o órgano de contratación deberá ditar resolución de adxudicación definitiva a favor do adxudicatario provisional, sempre que este presente dita documentación e acreditado que reúne as condicións esixidas ao efecto.

20.2.- Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adxudicatario provisional, por non cumprir este as condicións necesarias para iso, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 135.5 da LCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade, caso no que se lle concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado nas cláusulas 18 e 19.

III

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

21.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO (art.. 140 LCSP)

21.1.- O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á data de notificación da adxudicación definitiva, o documento

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá a oferta do adxudicatario, un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 48 LCSP)

21.2.- O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizárase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

21.3.- Se por causa imputable ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, seguindo para ese efecto o procedemento establecido no artigo 109 do Regulamento Xeral da LCAP. En tal suposto, procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados.

De non ser un contrato suxeito a regulación harmonizada, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 135.5 da LCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade, nese caso concederáse a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado nas cláusulas 18 e 19.

21.4.- No caso de que no expediente recaia declaración de urxencia, poderase, previa constitución da garantía definitiva cando fose exigible, iniciar a execución do contrato sen a previa formalización, de acordo co previsto no artigo 96.2.c) da LCSP.

IV

EXECUCIÓN DO CONTRATO

22.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO (art. 41 LCSP)

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

23.- OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

23.1.- O contrato executarase con estrita sujeción ás estipulaciones contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, derlle o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

23.2.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. (art. 199 LCSP)

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis. (art. 198 LCSP)

O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, debendo indemnizar os danos que se causen como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, de acordo co establecido no artigo 256.c da LCSP.

23.3.- O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

24.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

24.1.- Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais, así como as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario todos os gastos derivados da explotación do servizo de acordo coas condicións establecidas neste prego e no de prescricións técnicas.

25.- ABONOS AO CONTRATISTA (art. 200 LCSP)

25.1.- O prezo anual pagarase ó contratista por doceavas partes e mensualidades vencidas, tra-la presentación de facturas mensuais previamente conformadas polos técnicos municipais e, no seu caso, tra-la aplicación das deducións que procedan polas deficiencias de calidade na prestación dos servizos.

25.3.- O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión forneza efectos, e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (art. 201 LCSP)

26.- DEBERES E DEREITOS DO CONCESIONARIO

Ademais das establecidas na lexislación autonómica, no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e demais normativa que resulte de aplicación, en particular a relativa ós

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

requisitos específicos que deben reunir os centros de atención educativa e asistencial a nenos de 0 a 3 anos o concesionario terá as seguinte obrigas:

1.- Prestar os servizos do modo imposto no presente prego, e nas ordenanzas municipais correspondentes, inclusive no caso de que circunstancias sobrevidas e imprevisibles ocasionaran unha subversión na economía da concesión.

2.- En particular, non poderá levarse a efecto modificación algunha nas condicións de prestación dos servizos sen a autorización escrita e expresa do Concello.

3.- Exercer por sí a concesión dos servizos e non cedela, gravala ou traspasala a terceiros sen a autorización previa e expresa do Concello de Santiago de Compostela, que a poderá autorizar nas circunstancias que sinala a lexislación aplicable en materia de contratación administrativa.

4.- Durante a vixencia da concesión, deberá manterse, no seu caso, a mesma titularidade ou participación maioritaria, directa ou indirecta, da entidade concesionaria; o cambio en dita composición maioritaria deberá, salvo circunstancias extraordinarias que o impidan, ser previamente autorizado polo Concello, que só poderá denegala cando aprecie a existencia de razóns que poidan compromete-la continuidade e calidade dos servizos.

5.- Adquirir e manter tódolos elementos necesarios para a axeitada prestación dos servizos, atendendo para iso ás consideracións especificadas nos artigos do presente prego de condicións correspondentes.

6.- Atendendo ás características do equipamento, non executar ningún tipo de obra sen a previa autorización do departamento municipal de Educación.

7.- Manter actualizados os horarios, tarifas e demais información necesaria para os usuarios, en lugar visible.

8.- Non allear os bens destinados ós servizos obxecto da concesión nin destinalos a outros fins salvo autorización expresa do Concello.

9.- Asumir tódolos impostos e gravames fiscais que recaian sobre a prestación do servizo.

10.- Indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionase o funcionamento do servizo, por causas imputables á empresa concesionaria, ou ó persoal adscrito ó servizo, salvo que se produciran como consecuencia inmediata e directa de actos realizados en cumprimento dunha orde dictada polo Concello de Santiago de Compostela con carácter ineludible, dentro dos límites establecidos nas leis.

11.- Cumpri-las directrices emanadas do departamento de Educación encargado da supervisión dos servizos concesionados, sen menoscabo dos dereitos que se lle recoñecen en virtude do presente prego de condicións e da normativa aplicable.

12.- Presta-lo servizo con estricta observancia do principio de non discriminación dentro dos requisitos dispostos regulamentariamente.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

13.- Contrata-los seguros de responsabilidade civil necesarios por actuación do persoal dedicado ós servizos, así como aqueles outros seguros que sexan necesarios para previr riscos diversos no funcionamento dos servizos e nas instalacións.

14.- Presta-los servizos durante alomenos tres meses adicionais á data de finalización do contrato, se o Concello o estima oportuno mentres realiza os trámites para a realización da nova concesión ou de outra forma de xestión do servizo.

15.- Cumprir con tódalas obrigas de información ó Concello estipuladas no presente prego de condicións e na normativa aplicable.

16.- Ter na súa oficina un libro de reclamacións a disposición dos usuarios e da persoa ou órgano municipal encargado de exercer-lo control da concesión.

17.- Presta-lo servizo de conformidade co establecido no correspondente regulamento.

18.- Comunicar ó Concello, a través do departamento de educación, as altas e baixas que se produzan no material inventariable.

19.- O concesionario facilitará ó Concello os datos e os estudos precisos para a solicitude das axudas que se convoquen para o mantemento do centro, alomenos con quince días de antelación ó remate do prazo de presentación das instancias.

20.- Toda a comunicación que se derive deste servizo, dirixida a esta Administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, etc., así como o propio desenvolvemento da actividade obxecto desta contrata, realizarase en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela.

Dereitos do concesionario:

Ademais dos comprendidos no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, nas Ordenanzas fiscais municipais reguladoras das tarifas aplicables ós servizos obxecto de concesión, no prego de cláusulas administrativas particulares e demais normativa que resulte de aplicación, o concesionario terá os seguintes dereitos:

Recabar do Concello a colaboración necesaria durante o período de asunción das funcións inherentes ou derivadas da concesión outorgada para a prestación dos servizos obxecto de concesión.

Percibir integramente as cantidades económicas fixadas pola prestación dos distintos servizos concesionados e aqueles outros ingresos adicionais que lle correspondan.

Obter, cando proceda, as compensacións económicas a pagar polo Concello co fin de manter o equilibrio económico-financeiro da concesión.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

Recibir do Concello a mellor información posible sobre todo tipo de actuacións municipais ou outro tipo de actuacións de terceiros das que éste teña coñecemento e que poidan afectar ó normal desenvolvemento do Servizo. Esta información deberá ser recibida, dentro das posibilidades, coa maior antelación posible ó obxecto de poder planificar as accións pertinentes.

27.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO O INCUMPRIMIENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

27.1.- No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato. (art. 196.1 LCSP)

27.2.- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

Infraccións:

As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes e, especificamente, atendendo ó menor ou maior prexuízo que con elas se cause ó funcionamento do servizo ou ó público en xeral.

Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

a. O incumprimento reiterado das condicións de prestación dos servizos establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable, que produzan consecuencias prexudiciais graves na prestación do servizo ás instalacións adscritas ó mesmo.

b. Incumprimento polo concesionario da normativa en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento, así como as obrigas económicas derivadas de IRPF e Seguridade Social dos empregados.

c. O cobro de tarifas polos servizos prestados superiores ás aprobadas polo Concello.

d. Ceder, subarrendar ou traspasa-la totalidade ou parte dos servizos obxecto da concesión, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello.

e. As interrupcións ou suspensións na prestación do servizo, salvo cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou as previstas neste prego, ou aínda, concorrendo se non se cumpre os demais previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

f. O incumprimento da obriga do concesionario de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ós servizos, sempre que houbera mediado requirimento municipal para a subsanación desta circunstancias, non atendido no prazo de un mes.

g. O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a prestacións dos servizos que sexan procedentes de acordo co contido do presente prego, o prego de condicións técnicas e económicas e a normativa vixente.

h. Falsea-la información a subministrar ó órgano de control do Concello, de conformidade co disposto no presente prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.

i. A inobservancia de normas, disposicións ou resolucións administrativas emanadas das autoridades sanitarias competentes na materia.

j. A reiteración de dous ou máis infraccións graves no período de seis meses.

k. O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puideran derivarse para a empresa concesionaria.

Consideraranse infraccións graves:

a. Incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ós servizos, salvo que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.

b. O incumprimento das condicións de prestación do servizo establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, as ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.

c. A obstrución polo concesionario do control e fiscalización que debe exercer-lo órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.

d. A inobservancia do establecido no prego de condicións técnicas e económicas en canto ó Libro de Reclamacións a disposición do público e a resolución das mesmas nos prazos establecidos no citado prego de condicións técnicas e económicas.

e. A falta de contratación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.

f. A reiteración de dous ou máis faltas leves no período de seis meses.

Considéranse infraccións leves todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas no presente prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delicto ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xudiciais competentes.

Sancións:

As infraccións cometidas polo concesionario sancionaranse como segue:

- a. As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ás 3.005'06 €uros.
- b. As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre as 3.005'07 €uros e 9.015'18 €uros.
- c. As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 30.050'61 €uros ou declara-la resolución da concesión, sanción esta última que, en todo caso, se aplicará necesariamente nos supostos previstos na normativa aplicable e nos especificados no presente prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.

O importe das sancións previstas neste prego de condicións actualizarase anualmente aplicando o mesmo coeficiente resultante da revisión de tarifas aplicables ó servizo, de acordo co procedemento descrito no presente prego de condicións, sempre dentro dos límites legais vixentes.

Todas as sancións imporanse logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, con arreglo ás normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

V

SUBCONTRATACIÓN

28.- SUBCONTRATACIÓN

28.1.- O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución de prestacións accesorias do contrato, de acordo co disposto no art. 265 da LCSP.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que vaia iniciarse a execución do subcontrato, achegando, ao mesmo tempo, a seguinte documentación:

28.1.1.- Comunicación do subcontrato a celebrar, subscrita polo contratista e o subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do contrato a subcontratar e o seu importe.

28.1.2.- Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 49 da LCSP.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

28.1.3.- Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos precedentes, se os houberse, non exceden do 30% do importe de adxudicación do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e da porcentaxe que o seu importe actual acumulado, incluído o que é obxecto de comunicación, representa sobre o orzamento de adxudicación do contrato principal.

28.1.4.- Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 210 da LCSP.

28.2.- As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subcontrato ao longo da súa execución, deberán ser notificadas por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días de producirse a mesma, con indicación das modificacións producidas.

28.3.- Será requisito indispensable para o abono das correspondentes certificacións ou facturas ao contratista, que o director ou supervisor da execución do contrato emita informe ou dilixencia facendo constar a porcentaxe subcontratada ata a data polo contratista para a execución do contrato principal ou, no seu caso, constatando que non se produciu subcontratación.

VI

MODIFICACIÓN DE CONTRATO

29.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, e de acordo co establecido no artigo 258 LCSP cando tales modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ó contratista ós efectos de manter o equilibrio económico.

30.- SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONTRATO (art. 203 LCSP e 103 RG)

Se a Administración acordase a suspensión do contrato levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 285 da LCSP.

VII

FINALIZACIÓN DO CONTRATO

31.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

31.1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONSIOLA	<i>Expediente</i> CON/2/2008	<i>Fecha</i> 25-06-08 09:31

31.2.- Se os servizos non se atopan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecuan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaçión de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

31.3.- Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

32.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

32.1.- Ademais de nos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 206 e 262 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 207 e 264 da LCSP, ou por algunha das seguintes causas:

- Por incorre-lo concesionario en infracción moi grave das súas obrigas esenciais, logo do expediente contradictorio con advertencia fehaciente das concretas deficiencias e concesión expresa dun prazo prudencial, de acordo coa natureza de tales deficiencias, para poder subsanalas, cando transcorrido o prazo non se houberen subsanado.

- Polo incumprimento por parte do concesionario das obrigas económicas establecidas neste prego.

- Pola imposibilidade na explotación do servizo debido a acordos adoptados polo Concello de Santiago de Compostela con posterioridade ó outorgamento da concesión, caso no que será de aplicación o resarcimento de danos e prexuízos e a indemnización do lucro cesante ó concesionario de acordo co estipulado no prego de condicións técnicas e económicas.

- De común acordo co concesionario, caso no que prevalecerán os resarcimentos de danos e prexuízos e as indemnizacións que se pacten libremente.

- Por finalización do período polo que se outorgou a concesión, e no seu caso, das prórrogas que legalmente poidan establecerse, sen que exista dereito a resarcimento ou indemnización ningunha a favor do concesionario.

- Por concurso ou quebra do concesionario cando non sexa imputable a dolo ou culpa do mesmo, sen que exista dereito a resarcimento ou indemnización ningunha a favor do concesionario.

Ademais das anteriores causas, producirase a extinción da concesión:

a. Por expiración do prazo previsto, sempre que non existan prórrogas ou por ter rematadas estas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

b. Por renuncia do concesionario, que se formalizará por escrito e non será efectiva ata tres meses despois de que sexa formalmente presentada no concello.

Extinguida a concesión por calquera causa, reverterán ó Concello as instalacións obxecto da mesma sen que poida retirar-lo concesionario máis que aqueles bens, considerados como non revertibles, na acta de reversión que se elabore. En todo caso, terán a consideración de non revertibles aqueles bens, corporais e incorporais que sexan necesarios para a continuidade da industria ou ben que por estar incorporadas á instalación ou inmovible, non poidan separarse sen quebrantamento ou deterioro da mesma.

A recepción terá lugar no prazo de tres meses a contar desde a notificación da extinción da concesión.

A fianza non se devolverá en tanto non se comprobe o estado das instalacións, para os efectos establecidos na condición anterior, e en todo caso, o Concello aplicará o importe desta a reparación dos bens deteriorados, procedéndose a facer efectiva a parte do defecto non cuberto coa fianza, por vía de constrinximento.

Rematada a concesión, poderá autorizarse a continuidade da actividade ata que se produza unha nova adxudicación. En todo caso o prazo máximo de prórroga non excederá de 1 ano.

Intervención e Caducidade da Concesión

Se do incumprimento das normas reguladoras desta concesión por parte do concesionario, derivase grave dano para o Concello poderá éste acorda-la intervención da mesma, nomeando a tal efecto á persoa que teña que desempeña-la función interventora, debendo someterse o concesionario ás decisións deste. A intervención terá un carácter excepcional, limitándose ó tempo estritamente necesario.

En todo caso, o concesionario aboará os danos e prexuízos que causase.

O incumprimento rebelde polo concesionario das obrigas ou a irreversibilidade do quebranto patrimonial da explotación determinará a caducidade da concesión, conforme ó establecido no art. 136 do RSCL.

33.- PRAZO DE GARANTÍA

33.1.- O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

34. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA (art. 90 LCSP)

34.1.- Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

34.2.- Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 88 da LCSP.

35.- POTESTADES E OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello ostentará, sen prexuízo de todas aquelas outras que proceden de acordo coa lexislación vixente, as potestades seguintes:

Ordenar razoablemente, como podería dispoñer se xestionase directamente o servizo, as modificacións nos servizos que aconsellase o interese público logo da xustificación axeitada e coas compensacións ó concesionario a que houbera lugar de acordo co estipulado no presente prego e coa demais normativa aplicable.

Fiscaliza-lo servizo a través dos órganos competentes. A este efecto, poderá levar a cabo cantas inspeccións considere pertinentes, co fin de garantir que os vehículos, instalacións e locais destinadas á prestación dos servizos reúnen as condicións necesarias para o bo funcionamento dos mesmos.

Asumir temporalmente a execución directa dos servizos nos casos en que non prestase ou non o puidese presta-lo concesionario, por circunstancias imputables ou non ó mesmo.

Rescata-la concesión nos supostos especificados na normativa aplicable.

Suprimi-lo servizo co correspondente resarcimento de danos e prexuízos e indemnización polo lucro cesante ó concesionario se ésta correspondese de acordo coa normativa aplicable.

O Concello asumirá, sen prexuízo de todas aquelas outras que procedan de acordo coa lexislación vixente, as obrigacións seguintes:

- a. Outorgar ó concesionario a protección axeitada para que poida presta-los servizos debidamente.
- b. Manter o equilibrio económico-financeiro da concesión en todo momento.

36.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

En calquera caso, estará suxeito ó cumprimento do Protocolo Municipal de Seguridade para a Protección de Datos de Carácter Persoal, así como a toda a lexislación vixente nesta materia.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adxudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricta confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Santiago de Compostela con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidencias, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

37.- DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adxudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Santiago de Compostela con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONSI0LA	<i>Expediente</i> CON/2/2008	<i>Fecha</i> 25-06-08 09:31

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D., con D.N.I. nº
, maior de idade, con domicilio en
, vistos os pregos de cláusulas
 administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Santiago
 de Compostela para a contratación de **Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de
 CONXO**, e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome
 (propio ou das persoa/s ou entidade/é que
 representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a
 realizar o dito traballo con suxección os devanditos pregos por un canon anual a satisfacer
 polo Concello de _____ euros, que supón unha baixa de _____ euros con
 respecto ó prezo máximo fixado no prego de cláusulas administrativas, e mediante a
 percepción das seguintes tarifas a cobrar ós alumnos:

Lugar, data e firma do licitador

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSI0LA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

ANEXO II

D./D^a _____ con DNI _____ e domicilio en _____ en nome propio ou en representación da empresa _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de **Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de CONXO declara** que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP.

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONSIOLA	<i>Expediente</i> CON/2/2008	<i>Fecha</i> 25-06-08 09:31

ANEXO III

RELACIÓN DE PERSOAL A SUBROGAR (de ser o caso)

Nome e Apelidos: B.A.C

Titulación : Licenciada en Pedagogía

Dende 2002

Funcións: Directora do Centro - Directora Pedagóxica

Nome e Apelidos V.G.R.

Dende 2006

Titulación : TS en Educación Infantil

Funcións: Titora

Nome e Apelidos V.L.G

Curso 05/06

Curso 07/085

Titulación : TS de Educ. Infantil

Funcións: Titora

Nome e Apelidos D.S.C

Dende 2003

Titulación : Mestra de Educ. Infantil

Funcións: Mestra da escola

Nome e Apelidos P.F.A

Dende 2006

Titulación : Mestra de Educ. Infantil

Funcións: Titora

Nome e Apelidos M.G.R.

Dende 2007

Titulación : Mestra de Educ. Infantil

Funcións: Titora

Nome e Apelidos: K.G.A

Curso 2008

Titulación : TS en educación infantil

Funcións: Titora

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONSIOLA	CON/2/2008	25-06-08 09:31

Nome e Apelidos E.S.B.S	Dende 2002
Titulación : TS en educación infantil	
Funciós: Titora	
Nome e Apelidos T.N.V	Dende 2007
Titulación : Diplomada en puericultura	
Funciós: Apoio	
Nome e Apelidos G.G.C	Dende 2008
Titulación : Mestra	
Funciós: Apoio	
Nome e Apelidos M.T.F.F	Dende 2002
Titulación :	
Funciós: Cociñeira-Limpeza	